



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Decembro 2019 • Nº 243

MENSAXE DE NADAL

■ Que a alegría do Nadal encha de ilusión, saúde e boas novas o vindeiro ano 2020!!

O noso desexo é seguir camiñando cara unha "Vedra Sostible" na que a veciñanza sexa sempre a protagonista.

Bo Nadal!!



...se es de Vedra,
...se vives en Vedra,
**EMPADRÓATE EN
VEDRA!!!**



DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Axenda de Nadal no interior

Próximamente nas Xornadas da Camelia 2020



O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!

■ O novo servizo de Novas por whatsapp do Concello de Vedra SE-GUE MEDRANDO... Contactos que coñecen de primeira man toda a información de interese de Vedra.

Para incluírte no servizo só tes que enviarnos un Whatsapp ao teléfono 663 893 398 co texto: **ALTA NO SERVIZO DE NOVAS.**

O reto é facer que todas as persoas

usuarias deste servizo posúan a actualidade municipal e asociativa de Vedra así como de toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral.

Así de sinxelo e pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.





A SEMANA DE VEDRA NAS CANCELAS!!

■ Queremos agradecer a todas as persoas, empresas e asociacións que colaboraron e que fixeron posible un gran escaparate de Vedra na Semana das Cancelas:

Laura De la Torre, Emily Rodríguez e Ana Valín polo "Espazo Literario", Charo López Atelier, Bar Barreiro, O Fogar do Avó, Adegas "Casa do Sol", Adegas Pazo de Galegos, Aguardientes de Galicia, Aceite Galeo, Vermú Nordesía, Pollos Rivadulla, CPM Eventos, Asociación Cultural San Campio, Asociación Raiceiros, Pandereteiras Silandeira, Pandereteiras da Asoc. Cultural Santiaguíño, Coral da Terceira Idade de Vedra, Coro Leticia de San Xián, Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla, Coro do Entroido de Vilanova e os Xenerais e Correos participantes e A Gaita de Sarandón que coas súas actuacións, degustacións, obradoiros e animación complementaron unha programación de actividades moi xeitosa.

Tamén o noso agradecementos ás empresas e entidades que mostraron o seu quefacer nas diferentes exposicións a maiores das anteriormente citadas: Asociacións e Clubs deportivos: Papaventos, Senunpeso, Amabul, Dorna, Amigos da Camelia do Val do Ulla, Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, Vértice, Ribadoulla, Escolas Deportivas de Vedra, Val do Ulla, San Mamed, Club Olímpico de Vedra, Ribadulla Basket, Casa da Pesca.

Empresas: Camelia, Adegas Valdés, Adegas Barallobre, Viveiro Ortigueira, Cerámica da Ulla, E-lo?

Se queres ver a galería fotográfica visita a nosa páxina de facebook @concellodevedra



UNHA VOLTA Á CAMELIA

■ Ciclo de formación e difusión da cultura da Camelia nas Terras da Ulla.



Obradoiro Ven e proba o té galego, con Carmen Salinero.



Obradoiro Collage - Camelia, con Delio Sánchez.



Charla - coloquio con Pedro Mansilla sobre os principais problemas na sanidade da camelia.

MONOGRÁFICOS PARA O TEMPO LIBRE



Café - Conversa con Emily Rodríguez Santos.



Vedra e os aceites Galego no Forum Gastronómico de Barcelona.



Vedra nas Xornadas da Camelia da Sociedade Española da Camelia en Pontevedra.



Adhesión do Concello de Vedra no programa EN NEGRO.



Unha das sesións de "Enredadas nos feminismos".



Magosto da Terceira Idade o 17 de novembro.




Excursión da Terceira Idade a Ferrolterra o 6 de novembro.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Xornadas Micolóxicas COGOMELAR da Asociación Amabul.



III Andaina polo Bo Trato da Asociación Berenguela pola Igualdade.



Concerto Santa Cecilia da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.



Actividade de multideporte da ONCE no pavillón de Vedra.

De Interese



... ATENCIÓN, SÓ NO MES DE DECEMBRO!!

CAMBIO DE HORARIO DO PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL EN VEDRA

■ No mes de decembro o Punto de información especializado no catastro no concello de Vedra **SERÁ O LUNS 9 DE DECEMBRO DE 9:00 A 14:00 HORAS**, pois o segundo martes do mes coincide co festivo local de Santa Baia.

...NESTE PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL:

1) Subminístrase a información catastral ás persoas interesadas, así como a recepción, recursos, cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por parte das persoas con titularidade catastral.

2) Facílítase información catastral ás persoas interesadas.

3) Facílítase información catastral sobre dos criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.

4) Solicítase a información e recóllense os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións presentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.



Nadal... EN VEDRA!!!

IV CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

Destinatarios/as:

nenos e nenas ata os 12 anos.

Haberá premios.

O prazo de entrega dos traballos estará aberto ata o 5 de decembro.

Toda a información e bases á túa disposición no Departamento de Cultura. Teléfono 981 814 691.



XANTAR DE CONFRATERNIDADE-BAILE DE FIN DE ANO

Sábado 21 de decembro ás 14:00 h.

Prezo: 25 € (é necesario retirar ticket antes do 16 de decembro)

Actuación musical.

FESTAS DE NADAL NAS ESCOLAS DE VEDRA

• ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. 13 de decembro ás 17:30 na Casa das Artes.

• CEIP ORTIGUEIRA. 19 de decembro pola tarde na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

• CPI DE VEDRA. 20 de decembro pola mañá no Centro Sociocultural de Vedra.

• CRA BOQUEIXÓN-VEDRA. 20 de decembro ás 16:00 horas na Casa da Cultura de Camporrapado.

LUDONADAL

De martes a venres en horario de mañá na ludoteca municipal, agás nas festividades. Con actividades, obradoiros...

Máis información e reserva de praza: 981 814 693.

FESTIVAL DE NADAL DE CORAIS

Sábado 14 de decembro ás 19:00 h. Centro Social de Vedra.

Actuación das corais:

- Coral Polifónica "Valdarrosa" de Ponte Caldelas
- Coral Polifónica "Virxe da Barca" de Muxía
- Coral da Terceira Idade de Vedra

MERCADIÑO DE SEGUNDA MAN NO NADAL

Domingo 22 de decembro, Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

O Mercadiño de Segunda Man é un espazo no que a veciñanza de Vedra pode poñer á venda aqueles artigos que xa non utiliza e dos que quere desfacerse.

Ademais este mercado trata de ser un evento social no que a veciñanza do concello pase un día intercambiando artigos e desfrutando do ambiente de Nadal.

O número de postos é limitado, as reservas realizaranse por orde de inscrición.

PROGRAMA:

- 11:30 h. Apertura do mercadiño.
- 12:45 h. Showcooking e obradoiro infantil.
- 17:00 h. Obradoiro infantil "Construíndo co método Lupo" e animación musical.
- 20:00 h. Peché do mercadiño.

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 691. Departamento de Cultura.



NO NADAL... "VIVE O CAMIÑO EN VEDRA": PASEO POLA VÍA DA PRATA, OBRADOIROS ADULTO E INFANTIL, CATAR O CAMIÑO "SHOWCOOKING"

Domingo 22 de decembro, Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla e contorna.

• **Paseo pola Vía da Prata**, desde a Capela do Gundián ata a Estación do Tren de Santa Cruz. Estaremos acompañados pola guía Rosa Dorado e un experto en medio ambiente de Sustinea. Ao rematar desgustaremos un pequeno pincho e unha bebida. Saída ás 10:30 h. (inscrición previa-prazas limitadas)

• **Obradoiro adultos: "Memoria da Prata"**. Casa da Estación do Tren. De 12:00 a 12:45 h. "Ola, chámome Begoña e é a primeira vez que veño a Vedra, que é iso que non podo deixar de visitar? Pero non o que está nas guías, eu quero coñecer a Vedra de verdade." Mediante a palabra e dun xeito distendido, as persoas participantes no obradoiro farán un mapa emocional daqueles lugares emblemáticos para os habitantes de Vedra. (inscrición previa-prazas limitadas)

• **Obradoiro Infantil. Xogando coa Natureza**. Casa da Estación do Tren. De 12:45 a 14:15 h. (inscrición previa-prazas limitadas; dirixido a nenos/as de máis de 6 anos)

• **Showcooking "Catar o camiño" con Gerson Iglesias** (Cociñeiro do grupo Cociña Ourense). Nave da Estación do Tren. 12:45 h. Degustaremos 2 pinchos salgados e un

pincho doce inspirados en produtos típicos do concello, acompañados dun viño local Uxía Morán (actriz) será a encargada de presentar ás persoas convidadas vinculadas a Vedra (inscrición previa-prazas limitadas)

Vive o Camiño é unha iniciativa do Xacobeo e a Concellería de Cultura e

Turismo, que descobre a través da natureza, gastronomía e o patrimonio as singularidades de cada un dos concellos. **Vive o Camiño** xoga un papel relevante na promoción da Vía da Prata de cara ao Xacobeo 2021 con especial incidencia nos peregrinos e nas propias poboacións locais para afianzar a percepción desta ruta coma un motor con potencialidades para impulsar a economía local e promocionar as singularidades culturais, patrimoniais e naturais de cada zona. Facer sentir e comprender o que supón o Camiño de Santiago no século XXI.




TEATRO INFANTIL-FAMILIAR

Venres 27 de decembro ás 18:00 h. Centro Social de Vedra.

Obra: "Procúrase Pepa a Loba, por terra e mar".

Entrega de premios do Concurso de Tarxetas de Nadal.



CINE INFANTIL

Venres 3 de xaneiro ás 18:00 h. Centro Social de Vedra.

Película: **Hotel Transilvania 3.**



Nadal... en Vedra!!!

V CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA - XV CARREIRA POPULAR DE VEDRA III ANDAINA SOLIDARIA

Sábado 4 de xaneiro. Pavillón Municipal de Vedra. Coa participación das súas Maxestades de Oriente.

- Ás 18:30 h. CARREIRA ABSOLUTA E SUB 18: 6.500 m.
- Ás 18:40 h. ANDAINA SOLIDARIA: 5000 m. Menores de 12 anos deben ir acompañados dunha persoa adulta.
- A partir das 19:30 h. CARREIRAS MENORES:
SUB 16 – SUB 14: 1.800 m.
SUB 12 – SUB 10: 1.000 m.
SUB 8: 200 m.
PITIFO: 100 m

Inscripcións: ata as 23:59 h. do mércores 1 de xaneiro de 2020 na páxina vedrasolidario.galitiming.com

Os/as participantes das **carreiras absoluta e SUB 18** para a recollida do dorsal farán un donativo de 2,00€ que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra. Habrá un trofeo para as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría desta carreira.

Os/as participantes das **carreiras menores** e da andaina para a recollida do dorsal farán un donativo de 2,00€ (que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra) e /ou doar 1 kg. de alimentos non perecedeiros ou cunha caducidade mínima de 4-5 meses (recomendándose aceite, conservas, produtos de hixiene e de limpeza). Habilitarase un dorsal **número 0** para aquelas persoas que queiran participar na doazón sen tomar parte da proba. Ao finalizar haberá chocolate con churros para todas as persoas participantes.

Información no teléfono 981 814 691

**V CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA
XV CARREIRA POPULAR DE VEDRA
III ANDAINA SOLIDARIA**

4 de XANEIRO de 2020
Pavillón Municipal de Vedra

As 18:30 h. CARREIRA ABSOLUTA E SUB 18: 6.500 m.
As 18:40 h. ANDAINA SOLIDARIA: 5.000 m.
Menores de 12 anos deben ir acompañados dunha persoa adulta.

A partir das 19:30 h. CARREIRAS MENORES:
SUB 16 – SUB 14: 1.800 m.
SUB 12 – SUB 10: 1.000 m.
SUB 8: 200 m.
PITIFO: 100 m.

Inscripcións: ata as 23:59 h. do mércores 1 de xaneiro de 2020 en vedrasolidario.galitiming.com

Os/as participantes das **carreiras absoluta e SUB 18** para a recollida do dorsal farán un donativo de 2,00€ que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra. Habrá un trofeo para as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría desta carreira.

Os/as participantes das **carreiras menores e da andaina** para a recollida do dorsal farán un donativo de 2,00€ que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra.

eficaz doar 1 kg. de alimentos non perecedeiros ou cunha caducidade mínima de 4-5 meses (recomendándose: aceite, conservas, produtos de hixiene e de limpeza).

Habilitarase un dorsal nº 0 para aquelas persoas que queiran participar na doazón sen tomar parte da proba.

Ao finalizar haberá chocolate con churros para todas as persoas participantes.

Información no teléfono 981 814 691.

Concello de Vedra, JUM SPORTS, Running, Galitiming, S. J. J. J.

Nadal... ASOCIATIVO!!!

JUDO VEDRA

TROFEO DE JUDO DE NADAL CONCELLO DE VEDRA

Sábado 14 de decembro de 10:00 a 18:00 h. no Pavillón Municipal de Deportes.

“Benéfico contra o cancro”

Sábado 14 Decembro 2019
Pavillón Municipal de Vedra

VII Trofeo de Nadal de Judo Concello de Vedra
Benéfico contra o cancro

ANPA DO CEIP ORTIGUEIRA

CAMPAMENTO DE NADAL... NO CEIP ORTIGUEIRA

Datas: 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro, 3 e 4 de xaneiro.

Prezos: Para persoas socias 25 €.
Para persoas non socias 30 €.

Inscripcións ata o 20 de decembro no teléfono 661 351 053 ou con calquera membro da Anpa.

CAMPAMENTO DE NADAL

CEIP ORTIGUEIRA

**23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro
2 e 3 de xaneiro**

APÚNTATE NO 661351053 OU CONTACTANDO CON ALGUÉN DA ANPA

ANTES DO 20 DE DECEMBRO

**PREZO SOCI@S: 25€
PREZO NON SOCI@S: 30€**

ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA-CONCELLO DE VEDRA

FESTIVAL DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA

Sábado 21 de decembro ás 18:00 h. Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

CANTARELIÑAS DE NADAL

Xoves 19 de decembro, pola tarde; casas e camiños de Sarandón. Actividade en colaboración co CPI de Vedra; alumnado de infantil e secundaria.

CANTARELAS DE NADAL

Luns 23 de decembro, ás 19:00 h. xuntanza na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón. Cantares, música e baile, petiscos varios, chocolate con churros...

FIN DE ANO INFANTIL E FAMILIAR

Domingo 29 de decembro, ás 18:00 h. na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón.

Discoteca, show de clásicos infantís, karaoke, fotocall, actuacións varias e voluntarias, sorteos, petiscos e larpeiradas, baldadas, cotillón de fin de ano, brinde con champín, carteiro real e moitas sorpresas. Aberto a todas as persoas interesadas.

"PATINAXE SOBRE XEO" EN ÁREA CENTRAL E PARQUE INFANTIL DE NADAL

Sábado 4 de xaneiro pola mañá. Dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos (xa mozos/as). (Prazas limitadas)

Prezo: 12 € (Inclúe: desprazamento, equipamento e entradas). Máis info e inscricións: 659 055 017- 648 253 646



ASOCIACIÓN RAICEIROS

"PATRIMONIO NATURAL... INOCENTE" ANDAINA FOTOGRÁFICA POLO RÍO ULLA

Sábado 28 de decembro ás 10:00 h. Saída da Área de Recreo de Cubelas.

Acción de PatrUlláns - Ulla Naturalmente

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 691 (actividade gratuíta - prazas limitadas)

CORAL POLIFÓNICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA

FESTIVAL DE NADAL DE CORAIS

Sábado 28 de decembro ás 20:00 h. na Nave da Estación do Tren.

Actuación das corais:

- Coral Polifónica de Berres
- Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla

ASOCIACIÓN SENUNPESO

CINEMA DE HISTORIAS DA MAN DE ALICE GUY, A NAI DO CINEMA

Luns 30 de decembro ás 18:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.

Espectáculo de Raquel Queizás para nenos e nenas de máis de 5 anos.



BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

CONCERTO DE ANINOVO E PRESENTACIÓN DO NOVO DIRECTOR: ALEJANDRO CIMADEVILA LOUZAO.

Data a concretar, e publicárase proximamente en todos os medios de difusión municipais.

XORNADA FORMATIVA NA PLATAFORMA SUBTEL PARA ASOCIACIÓNS

■ A administración dixital é xa unha realidade nos nosos días, por este motivo a Deputación da Coruña propón accións formativas para as asociacións, coa finalidade de proporcionarlles as ferramentas precisas para poder desenvolver as súas accións. Neste marco, Vedra terá unha xornada formativa cunha experta en Pel Dixital da Deputación da Coruña, destinada a todas as persoas interesadas no coñecemento da

plataforma SUBTEL para a solicitude e tramitación de subvencións coa Deputación.

- **Data:** xoves 26 de decembro.
- **Hora:** ás 17:00 horas.
- **Lugar:** Telecentro de Vedra

Inscripcións abertas ata o 20 de decembro en cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981814691

Educación

VEDRA MEDRA

En San Martiño remonta cada día un ferradiño

■ O 16 de novembro celebrouse o Día Internacional do Patrimonio Mundial e en **Vedra medra** quixemos honrar o patrimonio local cun cartel no que se recordaba algunha das nosas actuacións destes últimos catro cursos. É o que figura acompañando esta nova.

Coa saída ao Museo do Pobo e ao Instituto da Lingua Galega xa realizada, continuamos coa planificación do traballo sobre os oficios tradicionais.

Hai uns días tivemos ocasión de

achegarnos no Museo do Pobo Galego á colección permanente dedicada aos oficios e de descubrila xogando ao "Entramado de oficios".

Xa no centro, imos poñer en marcha un monográfico sobre a carpintería axudados por varios carpinteiros da zona aos que entrevistaremos, visitaremos nos talleres e convocaremos para que nos respondan aos cuestionarios do programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* promovido polo Instituto da Lingua Galega e a Consellería e do que un ano máis somos centro colaborador.

Vedra medra segue co labor de manter nas aulas un PATRIMO-



NIO VIVO. Estamos no web do CPI de Vedra e tamén no Facebook **Vedra medra**.

Servizos Sociais

VOLUNTARIADO SÉNIOR A MAIORES

■ Es maior de 55 anos e queres dedicar un pouco do teu tempo ás/aos demais?

Apúntate ao programa de voluntariado sénior do concello e

contribúe ao benestar das nosas persoas maiores!!! As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C., e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

+ información e inscricións: 981 814 695





LUDETECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo.

O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar, habilidades e reformular o sistema de valores individuais e da comunidade. Por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como: a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferenzas, etcétera.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais.
- Obradoiro de adornos de Nadal.
- Obradoiro de educación “consumo responsable”.
- Obradoiros de maxia.
- Visita de Papa Noel.
- SuperChef
- Gran festa despedida de ano,
- E moitas sorpresas máis!!!

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca, a través do proxecto Conxuga de conciliación, terá o seguinte horario:

- De luns a venres de 8:30 a 14:30 h. excepto festivos.
- O resto do mes o horario continuará con normalidade: de luns a xoves de 17:00 a 20:00 h. e venres de 15:00 a 20:00 h.

Para calquera información poñerse en contacto no tf: 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

Mulleres



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

■ O Concello de Vedra, na conmemoración do Día Internacional en contra da violencia de xénero desenvolveu diferentes accións durante o mes de novembro:

Por unha banda a Corporación Municipal aprobou en pleno o manifesto 25N o cal forma parte da Rede Galega de Concellos en Contra da Violencia de Xénero, e co que se une ao resto dos colectivos da cidadanía que manifestan publicamente o seu rexeitamento máis absoluto á violencia de xénero, como unha das expresións máis

extremas da desigualdade, da subordinación e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Dito manifesto podes consultalo na páxina web municipal.

Ademais Vedra subscribiuse á campaña **EN NEGRO** unha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas que cada día involucra a máis concellos e da que Vedra tamén forma parte.

O departamento de servizos sociais de Vedra presentou a súa



propia campaña en contra da violencia de xénero “EU IMPORTO, TI IMPORTAS, NÓS IMPORTAMOS. XUNTAS E XUNTOS POLO BO TRATO” que pretende ser unha ferramenta de axuda para detectar os sinais de violencia machista así como as súas posibles respostas.

O día do 25 N as nosas redes sociais compartiron un vídeo de

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EU IMPORTO

TI IMPORTAS

NÓS IMPORTAMOS



XUNTAS E XUNTOS POLO BO TRATO



dúas vítimas de violencia machista como estratexia de concienciación que recibiu máis de 4000 visitas!! E seguen sumando!!

Nesta data tan sinalada as campás de Vedra repicaron na memoria das vítimas de violencia de xénero. Esta proposta que desenvolveu a Concellería de servizos sociais, muller e igualdade de acordo coa Igrexa, busca conmemorar a memoria das vítimas asasinadas pola violencia de xénero no ano 2019. O luns 25 de novembro ás 12:00 horas, repicaron as campás das 12

igrexas parroquiais nesta acción de conciencia, memoria, respecto e recordo para toda a veciñanza.



XUNTA DE GALICIA

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

52



CAMPAÑA DE INVERNO 2020 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña dentro da programación deportiva para o ano 2020 pon en marcha a Campaña de esquí que terá lugar na Estación Invernal de Cabeza de Manzaneda. O Concello de Vedra ten adxudicadas 4 prazas para a 2ª quenda que terá lugar dende o 31/01/20 ata o 03/02/20. Na súa programación gozarán de catro días con aloxamento e manutención, ademais de cursos de esquí na estación invernal de Cabeza de Manzaneda.

Para participar é preciso ter entre 11 e 15 anos (cumpridos a 31 de decembro de 2020) e estar empadroados/as en Vedra.

- **Prezo por praza:** 85 € (inclúe transporte, estancia, manutención, monitores, actividades de esquí, seguros,...)
- **Preinscríbete no teléfono 981 814 691**
- **Prazo:** ata o 16 de decembro.

Se houberse máis solicitudes que prazas concedidas, realizarase un sorteo público para seleccionar aos rapaces e rapazas participantes desta campaña.

ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 14 DE DECEMBRO

O grupo de sendeirismo continúa co seu Camiño Miño Ribeiro.

Etapa do mes de decembro: Beade – Feás.

Horarios e lugares de Recollida:

- 7:00 h. Saída da Estación de Autobuses de Santiago.
- 7:05 horas. Parada en Hipercor.
- 7:15 horas. Parada no Breixo.
- 7:20 horas. Parada en Lestedo.
- 7:30 horas. Parada en Mosqueiro.

Información e inscricións abertas ata o 12 de decembro no teléfono 981 814 691.





A MARÍA ÁNGELES TURNES MARTÍNEZ...

■ ...polos seus 100 anos e a preciosa celebración en familia da que foi protagonista!!



A JOSÉ RODRÍGUEZ RAMOS...

■ ...director da banda de música de Santa Cruz de Ribadulla durante os últimos 9 anos.



Iniciativas Asociativas



PREVENCIÓN DE INCENDIOS CON AMABUL

AULA DE INVERNO 

PREVENCIÓN de INCENDIOS
Sábado 7 de decembro ás 19:00h.

Dirixido a
Público xeral que teña interese en coñecer máis sobre un uso sostible e responsable do bosque e sobre técnicas para prever os incendios

Requisitos
Querer aprender a coidar os nosos bosques para que non se convertan nun foco de problemas ambientais

Onde
No Centro Social de Vedra, a partir das 19:00 horas

Para máis info, segue a actualidade de cada acción en <https://www.facebook.com/asoc.amabul>

XORNADA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR

**APUNTARSE NO 661351053
OU FALANDO CON CALQUERA
MEMBRO DA ANPA**
ANTES DO 7 DE DECEMBRO

Xornada de conciliación familiar
10 DE DECEMBRO
Divertímonos e aprendemos
arredor dos xoguetes inclusivos
e igualitarios
CEIP Ortigueira

PREZOS:
SOCIXS 3€
NON SOCIXS 5€



TEN TODA A INFORMACIÓN DE VEDRA NA APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga “Concello de Vedra” no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.